

Mini Atlántica Coruña42

REGULAMENTO XERAL

ARTIGO 1 – Data

O Concello da Coruña organiza o próximo 1 de outubro de 2022 na Coruña as carreiras para menores integradas no programa de eventos da Maratón Atlántica Coruña42.

ARTIGO 2 – Categorías, horarios e distancias

CATEGORÍA		HORA*	DISTANCIA
SUB 18	nadas/os no ano 2005 e 2006. Cumpridos durante o ano 16 e 17 anos	11:15	2.400 m. aprox.
SUB 16	nadas/os no ano 2007 e 2008. Cumpridos durante o ano 14 e 15 anos	11:15	2.400 m. aprox.
SUB 14	nadas/os no ano 2009 e 2010. Cumpridos durante o ano 12 e 13 anos	11:30	1.600 m. aprox.
SUB 12 FEMININO*	nadas no ano 2011 e 2012. Cumpridos durante o ano 10 e 11 anos	11:45	800 m. aprox.
SUB 12 MASCULINO*	nados no ano 2011 e 2012. Cumpridos durante o ano 10 e 11 anos	11:55	800 m. aprox.
SUB 10 FEMININO*	nadas no ano 2013 e 2014. Cumpridos durante o ano 8 e 9 anos	12:05	800 m. aprox.
SUB 10 MASCULINO*	nados no ano 2013 e 2014. Cumpridos durante o ano 8 e 9 anos	12:15	800 m. aprox.
PEQUES**	nadas/os no ano 2015 e posteriores. Menores de 8 anos	12:25	150 m. aprox.
Atletas con discapacidade*	Nados/as no ano 2016 e anteriores		

*Horarios orientativos en función da participación

**Se estudiarán as posibles adaptacións de categoría segundo a discapacidade.

ARTIGO 3 – Percorrido

Todas as carreiras se celebrarán nun circuíto pechado dentro do Parrote.

A carreira terá lugar unicamente polo trazado delimitado para ese efecto. Está prohibido o uso como zona de carreira de espazos adxacentes, sebes centrais, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación do infractor.

ARTIGO 4 – Inscricións

As inscricións son gratuítas, e efectuaranse, única e exclusivamente, a través da web www.championchipnorte.com desde o 14 ata o 25 de setembro de 2022. Rógase a inscrición responsable co compromiso de asistencia, xa que existirá un nº de prazas limitado a 1000 participantes totais.

ARTIGO 5 – Entrega de dorsais

A entrega de dorsais realizarase en Exporunning, situado no Palacio de Exposicións e Congresos - PALEXCO, na seguinte dirección: Peirao de Transatlánticos, s/n, 15003 A Coruña e o sábado no Paseo do Parrote.

Días e horarios:

- Venres 30 de setembro en horario de 17:00 a 22:00 horas.
- Sábado 1 de outubro no Paseo do Parrote na carpa habilitada para iso, ata 1 hora antes do inicio de cada carreira.

ARTIGO 6 – Sistema de cronometraxe

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip integrado no dorsal e será refugable, para todos os participantes das distintas categorías. A participación sen dorsal ou co dorsal doutra persoa participante ou cun dorsal que non sexa o oficial da proba está totalmente prohibida e supoñerá a exclusión inmediata da carreira.

ARTIGO 7 – Colocación previa

Os participantes deberán de colocarse na zona acoutada que lles corresponda na saída. Deberán de estar nesa localización aproximadamente 10 minutos antes do disparo oficial de saída, esperando a chamada da organización.

ARTIGO 8 – Utilización de medios físicos naturais

Os participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non rexistradas na proba

que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes. Esta norma só poderá obviarse na categoría de pitufos, cando sexa estritamente necesario o acompañamento.

ARTIGO 9 – Premios

En todas as categorías os participantes recibirán unha medalla ao chegar a meta. Non se entregarán premios por categoría.

ARTIGO 10 - Clasificacións

Poderanse consultar as clasificacións na web de championchipnorte para as categorías SUB18, SUB16, SUB14, SUB12 e SUB10. Na categoría de Peques non se realizarán clasificacións e só se computará a asistencia do participante.

ARTIGO 11 – Premio Escolar - DECATHLON

Na inscrición solicitarase o dato do centro escolar ao que pertence a persoa participante, de maneira que aquel que presente o maior número de asistentes sumando todas as categorías, incluída a de Peques, recibirá un cheque regalo de 500 € xentileza de Decathlon, co que poderá comprar material deportivo para o centro.

ARTIGO 12 – Descalificacións

Serán descalificados os corredores/as que non respecten as indicacións dos membros da organización debidamente identificados.

ARTIGO 13 – Protección de datos

Toda a publicidade e información oficial relativa á Mini Maratón Atlántica, así como inscricións e clasificacións estará dispoñible na web: www.coruna.gal/carreraspopulares. A organización non se fai responsable da información que poida existir en calquera outra web.

Mediante a inscrición, o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña para comunicacións sobre as súas actividades.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIONES DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nas mesmas e do uso de instalacións.

Toda persoa participante, ao realizar a inscrición acepta a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/o internet, autorizando a toma de imaxes co fin de utilizalas para a promoción e difusión das devanditas actividades, así

como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Plza. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.

ARTIGO 14 - Seguro

A organización contratou un seguro de responsabilidade civil e accidentes para todos os participantes.

ARTIGO 15 - Compromiso

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

ARTÍCULO 16 - Cambios no regulamento

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, debendo comunicalo na web e na información ao participante.

ARTÍCULO 17 - Consideración final

Todo o non disposto neste regulamento resolverase segundo o criterio da organización.